

DATA

01/12/2013 – 08/12/2013

ACTIVIDADE

CARREIRA POR MONTAÑA

LUGAR

PROVINCIA OURENSE

NOVAS

OPEN de GALICIA de CARREIRAS VERTICAIS – FGM

Publicado el [noviembre 23, 2013](#) por [HFC](#)

Case sen avisar, sorprendéronnos unhas novas carreiras por montaña que non estaban no calendario federativo. Pero como son abertas, supoñemos que a organización contará con poder conseguir asistencia dabondo.

Algúns dos nosos socios xa están apuntados e agardamos que obteñan os mellores resultados. Podedes ver máis datos sobre estas carreiras en

<http://www.ribeirasacracm.org/base/galego/ICarreiraVertical.php>



I CARREIRA VERTICAL da CASTAÑA

By [FGM](#) | Published [noviembre 27, 2013](#)



O pasado Domingo día 24, celebrouse en Parada de Sil a I Carreira Vertical da Castaña, organizada polo Club de Montaña Ribeira Sacra, e valedeira para o I Open de Galicia de Carreiras Verticais da FGM. Un día fresco e soleado na maior parte do percorrido, pero ventoso e moi frío no cumio da Cabeza de Meda donde foi situada a meta. A carreira percorreu dende o Mosteiro de Santa Cristina en Parada de Sil ata Cabeza de meda cun desnivel de +950m e 7,6km de lonxitude, coa participación de 66 corredores que gozaron da beleza do marco incomparable dos soutos, e a dureza da montaña do Concello de Parada de Sil. Destacar a inestimable colaboración do Concello de Parada e dos seus veciños, que coma sempre participaron co seu bo facer, traballando e pasando frío para garantir o correcto desenvolvemento da proba.

Mais info en.... <http://ribeirasacracm.org/base/galego/index.php>

